

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E AGADIC A TRAVÉS DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO PARA A CESIÓN DE ESPAZOS DE PROGRAMACIÓN ESCÉNICA**

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Compostela (en adiante USC), actuando no seu nome e representación segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), e en virtude das facultades que lle confire o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, do 21 de decembro, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Doutra parte, don Jacobo Sutil Nesta, na súa calidade de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (no sucesivo Agadic), con NIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude do acordo do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

EXPOÑEN


1 – Que a USC no cumprimento dos fins que lle son propios de acordo cos seus Estatutos, a través da súa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, inclúe entre os seus obxectivos básicos o fomento e a difusión da cultura entre a sociedade e o pulo e acollemento de actividades intelectuais en calquera eido da cultura e do coñecemento, cunha significativa dedicación ás artes escénicas.

2 – Que A Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de

favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da Axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas. Estes espectáculos son exhibidos en diversas salas xestionadas pola Agadic, así como en calquera outro espazo e/ou recinto escénico co que se estableza o oportuno acordo de exhibición.

3 – Que a USC e a Agadic a través do CDG queren promover actividades nos diferentes espazos de titularidade de xestión da Universidade (Pazo de Fonseca e facultades) e da Agadic a través do CDG (Salón Teatro).



Á vista da confluencia de intereses entre ambas as dúas partes na procura de obxectivos sociais e culturais, acordan establecer un marco de colaboración conforme as seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é a cesión de espazos entre Agadic e USC para a realización dos seguintes proxectos escénicos:

- 1- A produción “Shakespeare en Roma” que implica a cesión por parte da USC do uso do Salón Nobre de Fonseca para os ensaios representación do espectáculo.
- 2- O Festival Internacional de Teatro Universitario que implica a cesión por parte da Agadic do uso do Salón Teatro.
- 3- O Festival USCénica que implica a cesión por parte da Agadic do uso do Salón Teatro.

##### SEGUNDA. DURACIÓN E VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá unha duración de 12 meses dende a súa sinatura.



**TERCEIRA. OBRIGAS DAS PARTES**

**a) Obrigas da USC**

1- A USC comprométese a cederlle ao CDG sen custe o uso do Salón Nobre de Fonseca entre o 1 de decembro de 2022, data do primeiro ensaio e 3 de abril de 2023, data de desmontaxe do espectáculo nas seguintes datas e horarios.

*i. Ensaíos*

Entre o 1 de decembro de 2022 e 8 de febreiro de 2023.

Ensaíos luns a venres de 15.15h a 21.30h

Sábados de 10.30h a 17.00h

Non se poderá empregar o espazo de ensaios por estar pechado o centro os días 6, 8, 24 e 31 de decembro de 2022 e 6 de xaneiro de 2023.

O día 27 de xaneiro o ensaio será 15.15 horas a 21.15 horas

*ii. Estrea*

9 de febreiro ás 19.00h

*iii. Funcións*

De Mércores a domingo ás 19.00h: de mércores a sábado entrada ás 16.30 os técnicos, elenco ás 17h e saída ás 21.45 elenco e 21.45 técnicos e os domingos entrada de técnicos e elenco ás 17h e saída ás 21.45 entre o 10 de febreiro e o 2 de abril.

2- A USC comprométese a cederlle un espazo dentro de Fonseca ao CDG que sirva como camarín e lugar de almacenaxe durante todo o período anteriormente referido.

**b) Obrigas da Agadic**

1- - A Agadic comprométese a ceder o Salón Teatro para a realización do Festival Internacional de Teatro Universitario de Galicia entre o 6 e o 11 de marzo de 2023.

- As funcións terán lugar ás 21.30h.
- O horario de montaxe será convido entre as partes en función das necesidades de cada espectáculo programado.



2 - A Agadic comprométese a ceder o Salón Teatro para a realización do Festival USCénica durante 3 días en xullo a determinar entre as partes cunha calendarización semellante á de anteriores edicións.

3 A Agadic comprométese a realizar actividades de mediación e promoción cultural a partir da temática do espectáculo Shakespeare en Roma nos seguintes centros e facultades en datas e horarios a convir entre as partes:

- Facultade de Historia
- Facultade de Ciencias Políticas
- Facultade de Filoloxía
- Facultade de Filosofía

c) Obrigas recíprocas

i. Coidado e mantemento dos espazos

- Como cedentes a USC e a AGADIC comprométese a ceder os espazos en perfectas condicións no momento da cesión sendo da súa responsabilidade a seguridade e limpeza destes.
- Como cesionarios a USC e AGADIC comprométese a manter en perfectas condicións os espazos cedidos.

ii. Medios postos a disposición

- Como cedentes a USC e a AGADIC comprométese a poñer a disposición do cesionario o espazo de representación e os medios técnicos dispoñibles no *rider* do espazo durante o período de cesión nos horarios determinados no presente convenio ou nos horarios a convir naqueles casos en que non se encontren determinados neste documento.
- Como cesionarios a USC e a AGADIC comprométese a informar de calquera elemento ou circunstancia que poida supoñer unha modificación do espazo. No caso da USC, acordará coa produción do CDG e no caso da Agadic acordará coa área de Xestión de Espazos da USC.
- Como cedentes USC e a AGADIC comprométese a poñer á disposición do cesionario o persoal do espazo durante o tempo que dure a cesión.

iii. Relación laboral dos traballadores implicados



- A subscripción do presente convenio non conleva relación contractual algunha da USC cos profesionais da AGADIC nin da AGADIC cos profesionais da USC que realicen as actividades no contexto do presente convenio.
  - O persoal técnico e artístico preciso para a execución da programación incluída no presente convenio dependerá única e exclusivamente da entidade promotora de cada programación (sendo Agadic promotora de "Shakespeare en Roma" e a USC do Festival Internacional de Teatro Universitario e do Festival USCénica) tanto no eido laboral (contratación segundo a normativa laboral, obrígas coa Seguridade Social ou de carácter fiscal), como no de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo ou calquera outra obriga que derive da súa condición de empregador na súa relación laboral con este persoal.
- iv. Acceso de vehículos aos espazos
- Como cedentes a USC e a AGADIC comprométense a o acceso dos vehículos necesarios para o correcto desenvolvementos das actividades ata espazos nos horarios a convir
- v. O sistema de venda de entradas será definido pola entidade promotora de cada programación sendo Agadic promotora de "Shakespeare en Roma" e a USC do Festival Internacional de Teatro Universitario e do Festival USCénica
- vi. O pago de dereitos de autor será responsabilidade da entidade promotora de cada programación sendo Agadic promotora de "Shakespeare en Roma" e a USC do Festival Internacional de Teatro Universitario e do Festival USCénica
- vii. A USC e a Agadic declaran baixo responsabilidade, nos termos do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, que dispoñen dunha póliza de seguro de accidentes que cubra os posibles accidentes de todo o persoal, que intervén na programación incluída no presente convenio, subscrita con anterioridade ao inicio das cesións e vixente durante todo o período de duración do mesmo.
- viii. Convites e descontos.



- A USC e a Agadic garantirán 10 convites por función a disposición da outra entidade en cada sesión. Ditos convites deberán ser confirmados ata 48h antes do inicio da representación.
- A USC e a Agadic ofrecerán ao estudiantado da USC entradas cun desconto especial fóra dos descontos habituais.

#### CUARTA: COMPROMISOS ECONÓMICOS ASUMIDOS POLAS PARTES

O presente convenio non suporá un intercambio económico entre as partes.

Os custes extraordinarios asumidos polas partes derivados da cesión mutua serán:

- a) Por parte da USC
  - Persoal de seguridade extraordinario en Fonseca
  - Persoal de limpeza extraordinario en Fonseca
- b) Por parte da Agadic
  - Persoal de atención ao público e billeteira extraordinario no Salón Teatro
  - Persoal de limpeza extraordinario no Salón Teatro
  - Actividades de mediación nas facultades



#### QUINTA: DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS.

A USC e a Agadic serán responsables e beneficiarios da explotación da billeteira dos espectáculos que cada unha promova nos espazos cedidos. Sendo recadación de "Shakespeare en Roma" para Agadic como promotora e a do Festival Internacional de Teatro Universitario e do Festival USCénica para a USC.

#### SEXTA.- PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

As partes comprométense a empregar os seus recursos, así como os que teña dispoñibles de terceiros, para facilitar a difusión dos eventos, quedando acordado que toda publicidade e promoción irá "Shakespeare en Roma" a cargo da Agadic como promotora e a do Festival Internacional de Teatro Universitario e do Festival USCénica a cargo da USC.

Ambas entidades comprométense a inserir os nome e logotipos do cedente en todos os materiais e publicidade (impresa, informática ou audiovisual) que se fagan con motivo das accións recoñecidas por este convenio.

Nas roldas de prensa e en calquera outro tipo de publicidade oral que se realicen para a difusión da programación nos espazos cedidos, farase igualmente mención expresa ao presente convenio de

colaboración, e invitarase a participar ao cedente nelas, debendo informar con antelación suficiente para estes efectos á Dirección da Agadic e á Dirección do CDG dos eventos realizados no Salón Teatro e á Vicerreitoría de Cultura da USC no caso dos eventos realizados nos espazos da USC.

#### SÉTIMA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

As partes están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As comunicacións realizaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), cuxo acceso requirirá a identificación do interesado ou do seu representante a través dun certificado electrónico asociado ao NIF.

#### OITAVA- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

A USC e a Agadic estarán obrigadas a gardar siliro respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do acordo e chegasen ao seu coñecemento no desenvolvemento deste. Igualmente, non poderá transferir ningunha información sobre os traballos e os seus resultados, nin sobre a información facilitada polas partes para iniciar o obxecto deste acordo, sen a preceptiva autorización.

A USC e a Agadic deberán respectar o carácter confidencial da información a que teñan acceso con ocasión da execución do acordo que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

Información básica en materia de protección de datos	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Axencia Galega das Industrias Culturais
Finalidades do tratamento	A xestión de expedientes. Cumprimento de obrigas derivadas do acordo.
Lexitimación para o tratamento	Execución dun acordo
Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicacións a terceiros, agás as estritamente necesarias financeiras e de control cando no seu caso sexan requiridas polos departamentos da Xunta de Galicia que ostenten a competencia para tal efecto.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, potabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .
Contacto delegado de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

#### **NOVENA - COORDINACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

A USC e a AGADIC certifican que cumpren cos requisitos que impoñen a Lei de Prevención de Riscos Laborais e a normativa relacionada vixente. Por isto mesmo, asumen o compromiso de comunicarse mutuamente os riscos que o seu traballo nos distintos espazos obxecto de cesión poidan xerar, así como as medidas preventivas que deben adoptarse para evitalos ou controlalos, segundo el RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995 de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

#### **DÉCIMA - TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

Ambas partes estarán obrigadas a subministrar á contraria, logo de requirimento e nun prazo de dez días hábiles, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA - MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Poderanse modificar os espazos de cesión ou as datas do presente convenio mediante acordo entre as partes sempre e cando estas modificacións beneficien a boa marcha das actividades e propicien a consecución dos fins e obxectivos de cada entidade.

O incumprimento de calquera obrigas incluídas no presente convenio determinará o vencemento do mesmo quedando sen efecto e extinguídas as obrigas asumidas polas partes contratantes.

Este acordo quedará sen efecto e anulado, e non dará dereito a reclamación de ningún tipo no caso de incumprimento polas causas de forza maior establecidas legalmente. Para os efectos establecidos nesta cláusula, consideraranse como casos de forza maior os seguintes: catástrofes naturais, actos de terrorismo que afecten ao normal desenvolvemento do espectáculo, orde da autoridade competente que non permita o uso do local onde deba celebrarse a actuación ou a propia celebración do mesmo, folgas, loito nacional e avarías que afecten ao servizo ou subministracións.

#### **DÉCIMO SEGUNDA – COMPETENCIAS**

Este convenio non supón a renuncia das partes ás súas respectivas competencias.

#### **DÉCIMO TERCEIRA - RESPONSABLES DO CONVENIO-**

Para a aplicación dos mecanismos de seguimento, vixilancia e control na xestión do presente convenio as persoas interlocutoras serán, pola USC a Vicerreitora de Cultura e pola Agadic o coordinador do

Departamento de Producción Teatral ou persoas en quen deleguen que serán as responsables de resolver negociadamente os problemas de interpretación e cumprimento que poidan plantexarse.


#### DÉCIMO CUARTA - INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

O presente convenio ten natureza administrativa. As controversias que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que poidan derivarse do presente convenio resolveranse entre as partes, esgotando todas as formas posibles de conciliación para chegar a un acordo extraxudicial por este motivo a AGADIC e a USC comprométense a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. No seu caso, ambas as dúas partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso-administrativa dos xulgados de Santiago de Compostela.

E en proba de conformidade de canto antecede asinan en dous exemplares idénticos no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Galega das Industrias Culturais


O director (P.D. do 24 de xullo de 2012)



Jacobo Sutil Nesta

Pola Universidade de Santiago de Compostela

O reitor



Antonio López Díaz